



A E.D. XUVENTUDE OROSO E O R.C. CELTA DE VIGO ASINAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN

26 de febreiro de 2010.- O presidente da Escola Deportiva Xuventude Oroso, Luis Rey Villaverde, e o coordinador do fútbol base do Real Club Celta de Vigo, Antonio Otero, veñen de asinar un convenio de colaboración entre ambas entidades. Unha sinatura que tivo lugar no centro cultural Fernando Casas e Novoa de Sigüeiro e á que asistiron máis de 180 persoas, entre veciños, representantes dos clubs do municipio, directivos das empresas que colaboran coa ED Xuventude Oroso, así como os xogadores e directivos da entidade.

Un convenio que permitirá que técnicos do R. C. Celta de Vigo poidan tutelar os entrenamentos dos rapaces de Oroso. “Los técnicos de Oroso serán formados y se aprovecharán del trabajo que hacemos en A Madroa”, explicou Antonio Otero, “intentaremos tener charlas de nutrición, hábitos saludables, psicología... y tendréis jugadores del Celta aquí en Oroso para que podáis preguntarles por sus experiencias y veros reflejados en ellos”. Así mesmo, os rapaces da ED Xuventude Oroso terán tamén entradas para ver os partidos de Balaídos e os máis destacados poderán facer probas nas categorías inferiores do RC Celta. “Los jugadores pueden salir o no, pero estaremos cerca de vosotros para lo que podáis necesitar”, apuntou o coordinador do fútbol base do conxunto celtiña.

Finalmente, Antonio Otero agradeceu o apoio amosado tanto polo Concello de Oroso como pola ED Xuventude Oroso para a firma deste convenio. “El Celta apuesta por la gente de Galicia y queremos estar cerca de los equipos gallegos”, afirmou Otero, xa que “creemos que el jugador gallego tiene tantas posibilidades o más que las que puedan tener los de fuera”.

